

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

RESOLUCIÓN do 9 de agosto de 2021, da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se declara a emerxencia cinexética temporal polos danos ocasionados polo xabaril nas comarcas dos Ancares, Chantada, A Fonsagrada, Lugo, A Mariña Central, A Mariña Occidental, Sarria, Terra Chá e Terra de Lemos.

As afeccións ocasionadas polas poboacións de xabaril veñen experimentando nos últimos anos un incremento no conxunto do territorio de Galicia que obedece, en gran medida, aos cambios de uso no medio e ás características ecolóxicas da especie.

Constatouse que a especie provoca múltiples danos na agricultura e accidentes de tráfico, e constitue un problema adicional a presenza cada vez máis habitual de xabarís nas zonas periurbanas.

Así mesmo, unha elevada poboación de xabarís favorecería o risco de dispersión de certas enfermidades, como a peste porcina africana, dificultando a súa erradicación nun momento dado, de ser necesaria.

Tanto a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, como a Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, establecen ás excepcións relativas ás prohibicións establecidas nesta normativa para garantir a conservación de especies autóctonas silvestres, e recollen que a Comunidade Autónoma poderá autorizar a captura e/ou morte de especies silvestres en caso de efectos prexudiciais para a saúde e seguridade das persoas e para previr prexuízos importantes aos cultivos, o gando, os bosques, a pesca e a calidade das augas e para protexer a flora e a fauna silvestres e os hábitats naturais, entre outros supostos, de non existir outra solución satisfactoria e sen que isto supoña causar un prexuízo ao mantemento nun estado de conservación favorable das especies ou as poboacións de que se trate, na súa área de distribución natural.

Por outra banda, o artigo 71 da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, establece que poderán quedar sen efecto as prohibicións previstas no seu capítulo III, Protección das pezas de caza e autorizacións especiais, despois da autorización da dirección xeral competente en materia de caza, cando da súa aplicación deriven efectos prexudiciais para a saúde, a seguridade das persoas e as especie protexidas, así como para previr prexuízos importantes aos cultivos, o gando, os bosques, a propia caza, a pesca ou a calidade das augas, e para protexer a flora e fauna silvestres e os hábitats naturais.



Nesta liña, a Resolución do 26 de abril de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control por danos e os réximes especiais por especies durante a tempada 2021/22, establece no seu artigo 13, relativo ao control de danos, que co fin de reducir os danos que se poidan producir na agricultura, na gandería, na silvicultura, na circulación viaria, na flora e fauna silvestres, as persoas titulares das xefaturas territoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda poderán acordar medidas de control.

No marco desta problemática, adoptáronse determinadas medidas de control danos, co fin de minorar na medida do posible os efectos desta especie sobre os ecosistemas, as producións agrarias e o propio medio urbano.

Non obstante, a disposición adicional primeira do Decreto 284/2001, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia, prevé que cando nunha comarca exista unha determinada especie cinexética en circunstancias tales que resulte especialmente perigosa para as persoas ou prexudicial para a agricultura, a gandería, os montes ou a propia caza, a xefatura territorial competente en materia de caza, de oficio ou por instancia de parte, e logo das consultas e comprobacións que xulgue oportunas, poderá declarar a dita comarca de emerxencia cinexética temporal, e determinar as épocas e medidas conducentes a eliminar o risco e reducir o tamaño das poboacións da especie en cuestión.

Nos concellos pertencentes ás comarcas relacionadas no anexo I desta resolución detectouse o incremento nos últimos exercicios e de xeito exponencial das afeccións ocasionadas por esta especie, principalmente aos cultivos, concorrendo nalgúns casos, así mesmo, un aumento na accidentalidade do tráfico.

A situación actual nestas comarcas é, pois, indicativa da existencia dunhas circunstancias especiais, polo que se considera prioritario incidir na adopción de medidas que permitan axilizar os mecanismos instaurados para o control desta especie cinexética, conducentes a reducir as súas densidades e poboacións.

As actuacións que se van desenvolver nas áreas de emerxencia cinexética temporal dirixiranse ao control das poboacións de xabarís que se atopan en liberdade no medio natural, que constitúen un risco real para o ecosistema, a gandería, a agricultura e as persoas, ademais de reducir o perigo de accidentes de tráfico e os posibles riscos sanitarios, debendo establecerse a natureza e duración das medidas conducentes a reducir o número de exemplares considerados prexudiciais e os controis que se deben exercer.



Por conseguinte, dadas as especiais circunstancias que as poboacións de xabarís están a ocasionar, considérase necesaria a adopción de medidas especiais de control conducentes a reducir as súas densidades e poboacións nos concellos das comarcas de indicadas no anexo I desta resolución.

Tendo en conta o establecido na disposición adicional primeira do Decreto 284/2001, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro. Declarar a emerxencia cinexética temporal na comarcas sinaladas no anexo I desta resolución nas que se inclúen os tecores e zonas libres indicados no anexo II, debido ás circunstancias especiais derivadas dos danos á agricultura, ao perigo de accidentes de tráfico e previsibles riscos ambientais ocasionados polo xabaril, coa finalidade de axilizar a aplicación de medidas conducentes ao control das poboacións desta especie, a través de distintas modalidades e procedementos de captura.

Segundo. A vixencia desta declaración de emerxencia cinexética temporal estenderase desde a entrada en vigor da presente resolución ata o 27.2.2022, abranguendo o período hábil de caza establecido para o xabaril no artigo 16.2 da Resolución do 26 de abril de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Terceiro. Durante a vixencia da declaración de emerxencia cinexética temporal, nas comarcas incluídas no anexo I poderanse adoptar as medidas que se relacionan a continuación para o control da poboación de xabaril, permitíndose abater ou capturar sen límite de exemplares, xabarís de ambos os sexos, prioritariamente femias adultas e sub-adultas en todas as súas idades. Nestas zonas permitirase, así mesmo, abater crías e femias seguidas de crías, logo de autorización especial da Dirección Xeral de Patrimonio Natural de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 13/2013, do 23 de decembro.

a) En terreos cinexéticos:

As modalidades de caza permitidas para esta especie poderán practicarse durante todos os días da semana, salvo o especificado a continuación para as zonas libres de caza, con comunicación previa á Xefatura Territorial da CMATV efectuada cunha antelación mínima de dez días naturais, atendendo aos seguintes condicionantes:

- Nos terreos en réxime cinexético especial: as cazarías correspondentes a xornadas que non estean aprobadas no correspondente plan anual de aproveitamento da tempa-



da 2021/22, deberán ser comunicadas previamente á correspondente xefatura territorial competente en materia de caza, cunha antelación mínima de dez días naturais.

- Nas zonas libres de caza as cazarías estarán suxeitas a autorización: deberán solicitarse á correspondente xefatura territorial competente en materia de caza cunha antelación mínima de dez días naturais. No período que abrangue ata o 6 de xaneiro de 2022, poderanse autorizar cazarías ao xabarl os luns, martes, mércores, venres e sábados, sempre que non sexan festivos. Desde o 7 de xaneiro ao 27 de febreiro de 2022, ambos incluídos, poderanse autorizar cazarías os luns, martes, mércores e venres, sempre que non sexan festivos.

Na modalidade de agarda ou espera poderán agruparse nunha soa comunicación varias xornadas, e deberase indicar expresamente, por motivos de seguridade, a localización aproximada, mediante coordenadas UTM, dos diversos postos fixos que poidan ocuparse.

Así mesmo, en terreos de réxime cinexético especial poderanse autorizar os propietarios dos terreos afectados para realizar, persoalmente ou mediante terceiros, agardas ou esperas, con autorización do titular do aproveitamento cinexético. Neste caso, as persoas cazadoras deberán portar durante a acción de caza unha autorización por parte do titular cinexético, que será nominativa, persoal e intransferible para cada xornada, e deberán cumprir, así mesmo e en todo caso, cos requisitos exixidos no artigo 58 da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia.

Co fin de aumentar a eficacia e optimizar o aproveitamento cinexético nesta modalidade, facilitar a identificación dos exemplares e garantir a seguridade das persoas, poderase utilizar con carácter excepcional:

- Un visor convencional/óptico de aumentos durante a práctica da modalidade de agarda ou espera nocturna e fontes luminosas para a iluminación dos albos.

- Dispositivos electrónicos, tales como detectores ou controladores de hora de paso ou presenza, para a posterior realización de esperas nocturnas ao xabarl.

- Nos cultivos con destino á colleita en que se iniciasen os danos, poderase dispor de cebadoiros de gran ou froitos co obxecto de asegurar a eficacia no momento concreto dos controis.



Nestes terreos permitirase, así mesmo, e a captura en vivo de exemplares de xabaril, mediante o emprego de capturadeiros, con posterior sacrificio de todos os exemplares capturados, de acordo co procedemento que estableza a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, sendo necesario dispoñer dunha autorización expresa.

Na solicitude deberá indicarse expresamente a súa localización mediante a achega dun plano a escala suficiente, e os datos do persoal responsable da súa execución (nome, apelidos e DNI).

b) En terreos non cinexéticos:

Nos terreos non cinexéticos para o emprego de modalidades e procedementos de captura será necesario dispoñer dunha autorización expresa.

Permitirase a captura en vivo de exemplares de xabaril, mediante o emprego de capturadeiros, con posterior sacrificio de todos os exemplares capturados, de acordo co procedemento que estableza a Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Cando a aplicación de capturadeiros non reporte os resultados desexados, poderá permitirse a práctica da modalidade de agarda ou espera diúrna e nocturna, logo de solicitude do interesado, na que se indicará a localización aproximada dos postos fixos, mediante coordenadas UTM por motivos de seguridade, adoptando as medidas ou precaucións necesarias para garantir a seguridade das persoas. Será preceptivo, neste caso, a acreditación da existencia dos danos mediante informe da Xefatura Territorial.

Nesta clase de terreos, as medidas ou medios de captura permitidos deberán solicitarse á Xefatura Territorial, con polo menos 15 días de antelación á data de celebración. O prazo para resolver e notificar será dun mes, e o silencio administrativo será desestimatorio.

Cuarto. Os exemplares capturados como consecuencia da aplicación das medidas adoptadas na área de emerxencia cinexética temporal, deben identificarse mediante precintos e comunicarse debidamente á Xefatura Territorial da CMATV no prazo de 15 días naturais, segundo o seguinte procedemento:

a) En terreos de réxime cinexético especial: a comunicación das capturas realizadas en xornadas non planificadas no plan anual de aproveitamento aprobado para a tempada 2021/22, realizarase utilizando o procedemento MT720P «procedemento xenérico de caza», mentres que os resultados das cazarías planificadas no plan anual de aproveitamento se comunicarán utilizando o procedemento MT720D.



b) En terreos de réxime cinexético común e terreos non cinexéticos: a comunicación das capturas poderá realizarse utilizando o procedemento MT720P «procedemento xenérico de caza», ou ben, no caso de tratarse dun suxeito non obrigado a relacionarse electronicamente coas administracións públicas, poderá presentar os resultados en papel no rexistro das xefatura territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Quinto. Na Reserva Nacional de Caza dos Ancares aplicárase o seu réxime especial de funcionamento.

Sexto. A presente resolución permanecerá vixente ata a finalización do período hábil de caza do xabaril para a tempada 2021/22. Con todo, poderá quedar suspendida no seu conxunto ou en parte do ámbito de aplicación incluído no punto primeiro, logo de resolución, no momento en que se constate que desapareceron as causas que motivaron a súa declaración.

Sétimo. A presente resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Lugo, 9 de agosto de 2021

Margarita López Blanco
Xefa territorial de Lugo

ANEXO I

Listaxe de comarcas de emerxencia cinexética e concellos comprendidos

Comarca de emerxencia cinexética	Concellos
Os Ancares	Baralla
	Becerreá
	Cervantes
	Navia de Suarna
	Nogais, As
	Pedrafita do Cebreiro
Chantada	Carballedo
	Chantada
	Taboada



Comarca de emerxencia cinexética	Concellos
A Fonsagrada	Baleira
	Fonsagrada, A
	Negueira de Muñiz
Lugo	Castroverde
	Corgo, O
	Friol
	Guntín
	Lugo
	Outeiro de Rei
	Portomarín
	Rábade
A Mariña Central	Alfoz
	Burela
	Foz
	Lourenzá
	Mondoñedo
	Valadouro, O
A Mariña Occidental	Cervo
	Ouro
	Vicedo, O
	Viveiro
	Xove
Sarria	Incio, O
	Láncara
	Paradela
	Páramo, O
	Samos
	Sarria
	Triacastela
Terra Chá	Abadín
	Begonte
	Castro de Rei
	Cospeito
	Guitiriz
	Muras
	Pastoriza, A
	Vilalba
	Xermade



Comarca de emerxencia cinexética	Concellos
Terra de Lemos	Bóveda
	Monforte de Lemos
	Pantón
	Pobra do Brollón, A
	Saviñao, O
	Sober

ANEXO II
Datos de tecores e zonas libres comprendidos na declaración
de emerxencia cinexética

Matrícula	Nome	Réxime cinexético	Comarca de emerxencia
LU-10302	Romaríz	Especial	Terra Chá
LU-10037	Sociedad de cazadores deportistas Terra Chá	Especial	
LU-10073	Sabugueiras	Especial	
LU-10172	A Canteirada	Especial	
LU-10182	Labrada-Montouto	Especial	
LU-10062	O Cordal	Especial	
LU-10074	A Costa	Especial	
LU-10136	Picoto-Pedroso	Especial	
LU-10149	Da Saa	Especial	
LU-10154	Donalbai	Especial	
LU-10008	Terra Chá	Especial	
LU-10057	Santaballa-Cal Grande	Especial	
LU-10058	Cazás-Momán	Especial	
LU-10059	Chao de Lousada	Especial	
LU-10068	Xermade	Especial	Terra Chá e Eume
LU-10187	Labrada	Especial	Terra Chá
LU-10267	Alto da Mamoá	Especial	Terra Chá e Lugo
LU-10301	Penedo do Castelo	Especial	
LU-10015	Guitiriz e parroquias	Especial	
LU-10024	As Louseiras	Especial	
LU-10069	Landro	Especial	Terra Chá e A Mariña Occidental

CVE-DOG: aqu6qm97-uh9-ocg6-l4o9-5kz5prdejx96



Matrícula	Nome	Réxime cinexético	Comarca de emerxencia
LU-10108	Balsego	Especial	Terra Chá
LU-10144	Muras	Especial	
LU-10028	San Simón e Samarugo	Especial	
LU-10036	Chaira	Especial	
LU-10115	Oleiros-Rioaveso	Especial	
LU-10131	Dos Lagos	Especial	
LU-10202	Goiriz	Especial	
LU-10259	As Picas	Especial	
LU-10083	O Incio	Especial	Sarria
LU-10127	Pena Veitureira	Especial	
LU-10230	Láncara	Especial	
LU-10133	Lama Grande	Especial	Sarria e Lugo
LU-10141	A Trapa	Especial	Sarria
LU-10150	Ribeira do Loio	Especial	
LU-10066	Nosa Señora de Vilamaior	Especial	
LU-10307	Parameses	Especial	
LU-10140	O Caneiro	Especial	Sarria e Lugo
LU-10088	A Coelleira	Especial	Sarria
LU-10184	Val de Louzara	Especial	
LU-10201	O Castro de Parada	Especial	
LU-10254	Serra de Oribio	Especial	
LU-10099	Sarria	Especial	
LU-10243	Sarema	Especial	
LU-10076	Triacastela	Especial	
LU-10280	Sindran	Especial	
LU-10077	Ribeira Sacra	Especial	Terra de Lemos
LU-10007	Pombeiro e Atán	Especial	
LU-10012	Os Castros	Especial	
LU-10011	A Pobra do Brollón	Especial	
LU-10010	Saviñao	Especial	
LU-10082	Sober	Especial	
LU-10134	Sober II	Especial	



Matrícula	Nome	Réxime cinexético	Comarca de emerxencia
LU-10239	Santa Eulalia de Quintá	Especial	Os Ancares
LU-10016	San Xoán de Becerreá	Especial	
LU-10126	Cervantes	Especial	
LU-10226	Brañas	Especial	
LU-10273	Urogallo	Especial	
LU-10006	O Noso	Especial	
LU-10055	Navia de Suarna	Especial	
LU-10004	Pena do Mouro	Especial	
LU-10087	As Nogais	Especial	
LU-10061	Pedrafita do Cebreiro	Especial	
LU-10303	Neira de Rei	Especial	
LU-10022	Neira de Xusá	Especial	
LU-10019	Río Chamoso	Especial	Lugo
LU-10295	Amorín	Especial	
LU-10023	O Corgo	Especial	
LU-10119	Chamoso	Especial	
LU-10151	Beira Miño	Especial	
LU-10212	San Martín de Cotá	Especial	
LU-10298	Cova da Serpe II	Especial	
LU-10304	O Arneiro	Especial	
LU-10310	O Oroso	Especial	
LU-10003	Santa María Alta	Especial	
LU-10135	Cova da Serpe	Especial	
LU-10216	Soñar	Especial	
LU-10026	O Picato	Especial	
LU-10039	Río Grande	Especial	
LU-10109	O Paraño	Especial	
LU-10160	Sampaio-Marzán-Lousadela	Especial	
LU-10183	San Mamede e Castelo	Especial	
LU-10198	Riveira do Miño	Especial	
LU-10214	Adai-Pías-Bocamaos	Especial	
LU-10236	Carballido-Bóveda	Especial	
LU-10244	Besa	Especial	



Matrícula	Nome	Réxime cinexético	Comarca de emerxencia
LU-10063	Rozas	Especial	Lugo e Terra Chá
LU-10106	Santa Isabel	Especial	Lugo
LU-10232	Vicinte e Santa Comba	Especial	
LU-10067	Outeiro de Rei	Especial	
LU-10071	A Perdigueira	Especial	
LU-10101	San Nicolás	Especial	
LU-10157	A Devesa	Especial	Lugo e Chantada
LU-10235	Río Miño	Especial	Lugo
LU-10027	O Azor	Especial	A Mariña Occidental e A Mariña Central
LU-10065	O Sor	Especial	A Mariña Occidental
LU-10169	Alcotán	Especial	
LU-10275	A Carballa	Especial	
LU-10052	Os Dous Santos	Especial	
LU-10147	Águila de Rodeiro	Especial	
LU-10155	San Caetano de Candaoso	Especial	A Mariña Central
LU-10299	O Pereiro	Especial	
LU-10056	A Frouxeira	Especial	
LU-10196	O Val de Lorenzá	Especial	
LU-10309	A Toxiza	Especial	
LU-10107	O Polémico	Especial	A Mariña Central e A Mariña Occidental
LU-10218	O Cadramón	Especial	
LU-10113	O Valadouro	Especial	A Fonsagrada
LU-10042	Baleira	Especial	
LU-10002	A Fonsagrada	Especial	Chantada
LU-10064	Negueira de Muñiz	Especial	
LU-10261	Carballedo	Especial	
LU-10030	Castro-Carballedo	Especial	
LU-10047	Coto do Faro	Especial	
LU-10053	Alledo	Especial	
LU-10256	Santa Bárbara	Especial	
LU-10270	Nogueira	Especial	
LU-10308	Santa María de Xián	Especial	
LU-10044	Caxigueiras	Especial	
LU-10152	Vilameñe	Especial	



Zonas libres de caza			
Código identificador	Concellos	Réxime cinexético	Comarca de emerxencia
LU-08	Vilalba	Común	Terra Chá
LU-05	Láncara e Sarria	Común	Sarria
LU-10	Sarria	Común	
LU-06	Monforte de Lemos	Común	Terra de Lemos
LU-07	Pantón	Común	
LU-04	Navia de Suarna	Común	Os Ancares
LU-03	Lugo e O Corgo	Común	Lugo

